

## **BASES PREMIO LITERARIO “CARLOS CASARES” DE MICRORRELATO**

**1ª OBXECTO:** Este premio, convocado polo Liceo de Ourense e a Fundación Carlos Casares, nace coa idea de converterse nunha proposta educativa destinada ao alumnado dos centros de ensino ourensáns, sendo o seu obxecto o de potenciar a lingua galega na creatividade da escrita, así como o de fomentar o seu uso nos hábitos de lectura; sempre coa intención de que o galego ocupe un espazo relevante nos seus períodos formativos e que forme parte esencial dos seus crecementsos educacionais. É por isto que, como entidades culturais que somos, queremos sensibilizar e facilitar este achegamento mediante a organización dun evento que achegue visibilidade e que active e permita adquirir novas experiencias que axuden ao desenvolvemento de aptitudes e capacidades futuras.

É este un premio que se convoca no mes de maio, por ser o das Letras Galegas, e que se fallará e entregará en novembro, por ser o do San Martiño, festividade que conta cun grande arraigo e importancia simbólica, tanto na cidade de Ourense coma no resto dos concellos da provincia.

**2ª ÁMBITO:** Poderán participar no premio o alumnado oficialmente matriculado no curso 2023/24 e/ou 2024/25, nos centros de ensino post-obrigatorio de Bacharelato e Ciclos de Grao Medio e Superior, de toda a provincia de Ourense.

**3ª TEMÁTICA:** As persoas participantes deberán presentar un microrrelato de temática libre.

**4ª OBRAS:** Cada participante poderá presentar *un único microrrelato*, escrito en lingua galega, que debe ser orixinal e inédito, e que non fose presentado con anterioridade noutros concursos, webs ou calquera outro medio dixital ou impreso.

Deberán presentar os relatos en formato DIN A4, a dobre espazo e con letra Arial tamaño 12 pt. A extensión máxima será de 200 palabras.

As persoas participantes, a título propio ou a través dos seus pais, nais ou titores legais (no caso de ser menores de idade), responsabilízanse totalmente de ser os únicos autores ou autoras, de que non existan dereitos a terceiros, así como de toda reclamación por dereitos sobre as obras presentadas ao concurso.

**5ª PRESENTACIÓN:** As obras deberán xuntarse en arquivo informático en formato WORD, sendo o nome do arquivo o mesmo que o do título da obra.

Xunto co microrrelato enviarase un segundo arquivo en formato PDF, sendo o nome do mesmo “**DATOS**”, no que deben figurar os seguintes datos do/a autor/a:

- Nome e apelidos.
- Data de nacemento.
- Enderezo postal.
- Teléfono de contacto (co nome da persoa titular do número de teléfono).
- Enderezo de correo electrónico.
- Centro educativo ao que pertence e ano de matrícula.



**6ª ENVÍO:** As obras deben ser enviadas por correo electrónico ao seguinte enderezo: [fundacioncarloscasares@gmail.com](mailto:fundacioncarloscasares@gmail.com), indicando no asunto “*Concurso de Microrrelato 2024*”.

**7ª PRAZO DE ADMISIÓN:** O prazo para a recepción dos relatos iniciárase ás **00:00 horas do día 29 de maio de 2024 e rematará ás 23:59 horas do día 20 de outubro de 2024**. Unicamente serán admitidas as obras presentadas dentro deste prazo.

**8ª PREMIOS:** Haberá unha única categoría. As entidades que convocan fallarán un 1º Premio e un Finalista, reservándose a posibilidade en engadir un *accésit* no caso de que o xurado o estime oportuno.

As dotacións dos premios son as que se detallan:

- **1º Premio:** lote de libros do autor Carlos Casares e unha fin de semana (dúas noites) para dúas persoas nun dos balnearios da rede Caldaria (Arnoia, Laias, Lobios e Abadía), en réxime de pensión completa e tratamento balneario básico incluído.
- **Finalista:** un vale de 150,00 € para utilizar en librerías/papelerías da provincia de Ourense (adheridas ao concurso) e un lote de libros do autor Carlos Casares.
- **Accésit:** un vale de 100,00 € para utilizar en librerías/papelerías da provincia de Ourense (adheridas ao concurso) e un lote de libros do autor Carlos Casares.
  - **Nota:** Na entrega do premio detallaranse as librerías adheridas.

**9ª ENTREGA DE PREMIOS:** Os premios serán entregados nun acto con lectura dos orixinais premiados, que se celebrará no Salón Nobre do Liceo de Ourense (Rúa Valentín Lamas Carvajal, 5), o sábado, 30 de novembro de 2024. O horario do mesmo será comunicado ás persoas gañadoras e ao público en xeral, xunto co fallo dos premios, a través das canles de comunicación habituais das entidades convocantes (Liceo de Ourense e Fundación Carlos Casares), e dos medios de comunicación que decidan publicar a nota de prensa que lles será remitida.

**10ª XURADO:** O xurado estará formado por 6 persoas que serán membros das entidades organizadoras (Liceo de Ourense e Fundación Carlos Casares), así como dos organismos colaboradores (Xunta de Galicia e Deputación de Ourense), aos que se engadirá un escritor ou escritora de recoñecido prestixio (que actuará como presidente/a do xurado e como asesor/a literario/a) e un/unha mestre/a de literatura dun centro de ensino da provincia de Ourense.

**11ª TOMA DE DECISIÓN:** O premio outorgarase por maioría de votos, atendendo a criterios de creatividade e calidade técnica. No caso de existir empate, decidirá o voto de calidade do/a presidente/a do xurado.

O premio poderá declararse deserto se o xurado así o estima.

**12ª FALLO:** O fallo do xurado producirase entre os días 8 e 11 de novembro de 2024, sendo comunicado tamén nestas datas do mesmo xeito e a través das mesmas canles que se detallan no Punto 9 destas bases.



**13ª DEREITOS DE AUTOR:** Das obras presentadas a propiedade intelectual e autorías serán sempre do/a autor/a. A organización deberá facer constar en futuras reproducións impresas o por calquera medio dixital o nome do/a autor/a.

**14ª ACEPTACIÓN DAS BASES:** A participación neste concurso supón a plena aceptación de todas e cada una destas bases e do fallo inapelábel do xurado.

**15ª PROTECCIÓN DE DATOS:** Os datos persoais recompilados para a participación no concurso serán tratados conforme a normativa e lexislación vixente na data da publicación destas bases.